



ANUNCIO

CONSULTA PÚBLICA PREVIA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, e segundo o previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro sobre Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración dun proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento (ordenanzas/regulamentos municipais) substanciarase unha consulta pública a través do portal web da Administración competente na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Este anuncio de consulta previa está referido a elaboración dunha ordenanza reguladora de protección contra a contaminación acústica.

A necesidade e oportunidade da súa aprobación fundaméntase na necesidade de regular o exercicio das competencias que en materia de protección do ambiente corresponden no termo municipal do Concello do Porriño fronte á contaminación producida por ruído e vibracións, co fin de garantir o dereito á intimidade persoal e familiar, á protección da saúde, así como á calidade de vida e a un ambiente adecuado.

Forma e prazo de presentación de opinións e suxerencias

En función do exposto se realiza a presente consulta pública para que no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES dende a publicación deste anuncio no taboleiro de edictos e portal de transparencia do Concello do Porriño, os suxeitos e organizacións máis representativas, potencialmente afectados por esta ordenanza, poidan presentar opinións e suxerencias, a través do rexistro desta entidade ou nos restantes puntos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Documento asinado dixitalmente





Antecedentes da norma	A presente Ordenanza sobre Protección contra a Contaminación Acústica apróbase en virtude da competencia municipal en materia de protección de medio ambiente, de conformidade co disposto no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en virtude do disposto na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e o seu desenvolvemento regulamentario composto polo Real Decreto 1513/2005, o Real Decreto 1367/2007, a súa modificación polo Real Decreto 1038/2012, e o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
Problemas que se pretenden solucionar coa norma	Os problemas que na vida cotiá xeneran para a saúde a emisión de sons e vibracións acústicas.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A Lei 37/2003 do 17 de novembro, de ruído e o seu desenvolvemento conlevan un contido xenérico e de carácter básico que require do desenvolvemento concreto a través dunha norma regulamentaria local.
Obxectivos da norma	Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica , delimitando o ámbito de aplicación, as actividades comprendidas nela, así como os dereitos e deberes dos cidadáns





Concello do Porriño

Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as normas citadas resulta máis conveniente e mesmo necesario para a aplicación práctica de determinados aspectos. Asemade, esta necesidade tamén resulta aconsellada polo espírito e finalidade das novas leis, e para acadar unha maior seguridade xurídica, sen prexuízo de que esta norma que se propón poida, no seu caso, complementarse con outras solucións regulatorias.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986335850



Cod. Validación: A4QXRASLZLS6MXVZ9QWEXWTGH | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3